

A ESCOLA DA VIDA

Educación en castenglishgal

09.01.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Este goberno está dándolle un novidoso xiro á Educación en Galicia. Ou máis ben se diría que está nunha fuxida cara a adiante do embrollo no que se meteu co tema do decreto do bilingüismo.

Primeiro, só se trataba de non darlle prioridade ao idioma galego -cando que xa non a tiña, pois o decreto a revisar só nomeaba as materias troncais, e non as optativas. Agora, aparece como suposta lingua vernácula o inglés, polo que o decreto cambia de denominación e anúnciase como do plurilingüismo. Os tres idiomas van compartir as materias troncais.

Pedagoxicamente falando, introducir un idioma totalmente alleo á nosa comunidade, como é o inglés, vai ser moi prexudicial para a aprendizaxe dos alumnos. Pódese coñecer máis ou menos o galego ou o castelán en determinados lugares, pero as súas similitudes, pola súa orixe, fan que sexan comprensibles, pero o idioma de Shakespear non ten ningún parecido. A este feito engádenselle outros, como o de que os profesores das materias troncais non teñen porque coñecer este idioma, e se acaso o coñecen, fano dende a linguaxe normal e non da especializada da súa materia, ou de que os nomes dos conceptos desta son, inicialmente, totalmente descoñecidos para o alumno e que este, fóra da aula, non poderá consultalos con case ningunha persoa do seu contorno para recibir apoio nas súas dúbidas, polo que a aprendizaxe vai ser, a bo seguro, custosísima.

Algún pai comentoume que vería ben que se quitase o galego da escola, posto que o seu fillo suspendía as materias que se lle impartían nese idioma que, ademais, consideraba prescindible. Eu, agora, preguntolle a quen lle vai botar a culpa cando suspenda as materias que se lle dean en inglés?

Non señores administradores, o tema do ensino do inglés corre por outros derroteiros. Para aprender este ou calquera outro idioma estranxeiro en Galicia o que fai falla é un cambio metodolóxico. Hai que pasar dun ensino centrado na gramática e no vocabulario a un ensino máis oral, no que a súa expresión poida ser practicada polo propio alumno a través da repetición das construcións dese idioma xa sexa na aula ou nun laboratorio. E, por favor, non nos digan que van pór máis diñeiro para compensar as novas dificultades nas que se van metendo, pois non se trata de máis medios senón simplemente de máis coherencia.